

ROSALIA

Dirixida por FINA CALLEJA Protagonizada por CRIS COLLAZO e ROCÍO GONZÁLEZ



Unha produción de:



Coa subvención da:



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA


Co apoio de:



Cultura

VICEPRESIDENCIA





ROSALÍA. SINOPSE

ROSALÍA

O lugar onde medran as poetas

María Rosalía Rita tamén foi nena. As biografías non o contan, pero unha das grandes voces literarias da historia tamén foi nena e foi nena que cantaba e xogaba, que lía e comía chocolate. Esta *Rosalía* que aínda non precisaba apelidarse de Castro e que está a piques de marchar a Santiago é a protagonista desta obra de teatro que quere contarlles ás nenas e aos nenos que **a infancia é o lugar onde medran as poetas**: entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen autor:

Esta *Rosalía* é **unha obra de muller pensada para nenas e nenos de Primaria -e para as súas familias e docentes- por unha equipa de mulleres** intensamente vencelladas ao teatro de palabras para espectadoras e espectadores que viven no país da infancia.

Dirixe a peza actriz e directora **Fina Calleja**, ligada á premiada compañía Sarabela e responsable de moitas das súas montaxes infantís e xuvenís. Dúas actrices forman o reparto, **Rocío González** e **Cristina Collazo**, as dúas imprescindibles nos últimos anos nos escenarios máis variados e nas pantallas da televisión e do cine de Galicia.

María Rosalía Rita agóchase no faiado, pechando a porta tras ela, facéndose forte nese lugar máxico que ben coñece, que habitou en segredo e que está ateigado de tesouros. Hoxe mesmo veñen buscala, xa lle puxeron o seu traxe de fidalguiña e uns zapatíños que non lle acaban de acaer ben. Debe abandonar a aldea para ir vivir coa súa nai despois de anos baixo a tutela das súas tías paternas. Ao outro lado a súa boa amiga Eduarda cántalle medio tristeira medio burleira:

Ritamá, Ritasá, Ritatá!
Sae xa!
Rosatí, Rosamá, Rosaví!
Sae de aí,

Que a poderá convencer para que abra a porta e se comporte como unha señorita ben educada? E no caso de facelo, que cousas poderá levar desta vida que é a que coñece ata o de hoxe?





CULTURACTIVA PRODUCCIÓN



Culturactiva S. Coop. Galega representa, tras unha dilatada traxectoria que vai camiño dos vinte anos, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes produtoras e distribuidoras do país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da creación e venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo. Deste xeito, Culturactiva S. Coop. Galega converteuse en Galiza nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas como son o Festiclown, Galeuzca, Olladas do Planeta ou a Feira Ecolóxica, como do seu fundamental traballo na distribución e produción escénica.

Co paso do tempo, e avalada pola súa experiencia, Culturactiva S. Coop. Galega ampliou o seu ámbito de actuación máis aló das nosas fronteiras, estendendo o seu labor ao resto do estado e a nivel global. Culturactiva S. Coop. Galega é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia a artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Jango Edwards ou compañías como Yllana e intérpretes galegos de gran proxección como Peter Punk, Sergio Pazos ou o Mago Teo. Como distribuidora musical, Culturactiva S. Coop. Galega traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como son Guadi Galego, Talabarte, Vaamonde, Lamas & Romero, Leilía ou O Sonoro Maxín.

Ademais, Culturactiva S. Coop. Galega leva máis dunha década traballando na produción de espectáculos e montaxes teatrais, ámbito no que destaca con diversas obras de ampla repercusión nas prazas e teatros de todo o país.

Como vimos de expoñer con anterioridade, case dúas décadas de traxectoria son o mellor aval posible para Culturactiva S. Coop. Galega. Desde o ano 2000, o seu equipo de profesionais desenvolve un traballo no ámbito cultural que mestura propostas artísticas anovadoras e de calidade, con compromiso político e orgullo de país, poñendo sempre á cidadanía no centro da súa acción cultural. Na última década, Culturactiva S. Coop. Galega ten producido un número importante de espectáculos teatrais, tanto de interior como de rúa, entre os que poderíamos destacar:

- Retrincos de Castelao
- Saaabor!
- Sénior
- Dous no Camiño
- Gala de Novo Circo (Combinado de Circo Galego)
- O Valo (coprodución con Pallasos en Rebeldía)
- Falar sen Cancelas
- Papar sen Cancelas

Polo que respecta á capacidade de venda e distribución, tanto teatral como musical, podemos afirmar que Culturactiva S. Coop. Galega é unha das entidades de xestión cultural máis importantes do país. Nas últimas cinco tempadas, Culturactiva S. Coop. Galega xestionou unha media de 800 actuacións por ano, tanto a nivel nacional, como estatal e mesmo internacional. Presente en todos os circuitos culturais –Rede Galega de Teatros e Auditorios, Cultura no Camiño, Redes Culturais das Deputacións, Xirando por Salas, ...– Culturactiva S. Coop. Galega é xa un referente no sector cultural galego e unha opción segura para a maior parte dos programadores e programadoras galeg@s.





O EQUIPO

ELENCO. Rocío González



Cristina Collazo





DIRECCIÓN. Fina Calleja

Egresada da Real Escola de Arte Dramático e Danza de Madrid e licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense.

Durante anos combina a actividade escénica con diversos traballos nos medios de comunicación; membro da compañía Sarabela Teatro dende 1998. Dirixe o seu interés cara o mundo da interpretación e as áreas de voz e dramaturxia. Actriz e docente na Aula de Teatro Universitaria de Ourense, asume no marco de Sarabela Teatro as responsabilidades de distribuidora e productora artística.

Recibe os premios Maria Casares ao mellor texto adaptado polas versións teatrais de O Lapis do carpinteiro e Sexismunda, galardóns compartidos con Ánxeles Cuña Bóveda e Begoña Muñoz. Interven como actriz en varias series de televisión (Padre Casares entre outras) e crea e dirixe Cristovo e o libro das marabillas ou O último dragón, o último espectáculo infantil de Sarabela Teatro, entre outras.

Últimas montaxes con Sarabela

- 2007. Margar no pazo do tempo de A. Cuña Bóveda 2008. Dáme veleno eu tamén soñar de A. Cuña Bóveda
- 2008. Cósima de Cris Baldwin 2009. A Esmorga de Blanco Amor (Dramaturxia de Begoña Muñoz e Carlos Couceiro) 2010. Konrad de Chistrine Nöstlinger (Dramaturxia de A. Cuña Bóveda) 2010. O incerto Señor Don Hamlet de Cunqueiro 2011. Tango de Slawomir Mrózek 2011. O asombro da auga de Fina Calleja 2012. A voar de Fina Calleja 2012. A viaxe a ningunha parte de F. Fernán Gómez (Dramaturxia de A. Cuña Bóveda) 2013. A idade da pavía de Arístides Vargas 2014. Pequenas certezas de Bárbara Colio 2014. O último dragón de Fina Calleja 2015. Ensaio sobre a cegueira de José Saramago (Dramaturxia de A. Cuña Bóveda).





FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

AUTORA Nate Borrajo

DIRECTORA Fina Calleja

ACTRICES Rocío González e Cristina Collazo

ESCENOGRAFÍA Carlos Domínguez del Río

VESTIARIO La Canalla

RESPONSABLE TÉCNICO David Rodríguez

ASESOR ARTÍSTICO Avelino González

PRODUCE E DISTRIBÚE Culturactiva S. Coop. Galega

COFINANZA AGADIC

COLABORAN Deputación da Coruña e Deputación de Lugo





CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA
info@culturactiva.org | www.culturactiva.org
+34 981 582 836